

MANUEL MURGUÍA

Homenaxe



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Román Rodríguez González

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Manuel González González

Manuel Murguía. Homenaxe.
Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea
Director: X. Amancio Liñares Giraut

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Do estudo introdutorio: X. Amancio Liñares Giraut
© Das ilustracións: Siro López
Responsable da edición: X. Amancio Liñares Giraut
Revisión lingüística: Dina Moreira Costoyas

Santiago de Compostela, 2024

Reprodución da cuberta: a ilustración incluída na cuberta pertence ao número 246 da revista *Galicia* (xuño, 1933), revista oficial do Centro Galego de Bos Aires. Foi deseñada por Camilo Díaz Baliño (1931). Dun exemplar orixinal deste número reproduciuse o fragmento facsimilar dedicado á homenaxe a Manuel Murguía.

As fotografías de Manuel Murguía foron extraídas na súa versión dixital de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia e do Portal de Archivos Españoles (PARES).

O fragmento facsimilar do discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui forma parte dos números 7 e 8 da revista *La Patria Gallega. Boletín – Revista. Órgano Oficial de la Asociación Regionalista* (15 de xullo de 1891). O orixinal deste número está depositado na Biblioteca Pública Nodal de Ourense e dixitalizado por Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.

O artigo *Manuel Murguía. O gran precursor*, de Francisco Fernández del Riego, foi publicado en *La Voz de Galicia* o 24 de marzo de 1998, e recollido no libro *Francisco Fernández del Riego: a tinta de Galicia* (2023), de Xesús Fraga.

A cronobiografía de Manuel Murguía, realizada por Teresa Monteagudo e Luís Alonso Girgado, está incluída no libro *Manuel Murguía. Escolma* (2000), publicada polo CRPIH.

Maquetación e impresión: GRAFISANT SL

ISBN:
Depósito Legal:

Agradecementos ao



ÍNDICE

Presentación, por Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	9
1933: homenaxe a Murguía en Bos Aires, por X. Amancio Liñares Giraut	13
Fragmento da revista <i>Galicia</i> (Bos Aires, xuño de 1933), en edición facsimilar	27
ANEXOS	51
Discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui (1891), en edición facsimilar	55
Manuel Murguía, o gran precursor, por Francisco Fernández del Riego	65
Cronobiografía, por Teresa Monteagudo Cabaleiro e Luís Alonso Girgado	69
Ilustracións, por Siro López	83

En honra e lembranza de don Manuel Murguía
Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación FP e Universidades

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, a través do seu Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea, que dirixe o profesor X. Amancio Liñares Giraut, quere conmemorar o centenario da morte de don Manuel Murguía (1833-1923).

Faino con este fermoso volume, cuxo corpo central –arredor do que xiran varias e moi valiosas contribucións que o enriquecen– está dedicado á análise e reprodución facsímile do número 246 (xuño de 1933) da revista *Galicia* do Centro Gallego de Buenos Aires, un monográfico onde se daba conta dos actos organizados pola devandita institución societaria en homenaxe ao «insigne patricio», no centenario do seu nacemento.

Tanto nun caso coma no outro, ambas as publicacións –malia interpoñérense 90 anos entre elas– coinciden no seu fin: non abandonar no esquecemento a quen se considerou entre nós, durante longo tempo, o Patriarca, atribución que aludía á súa condición de «pai da patria», tanto na vertente intelectual como política do sintagma.

En efecto, por máis que a historiografía moderna teña desterrado o celtismo da narración científica do pasado de Galicia, cómpre asignarlle a esta brincadeira xenuinamente murguiana (ou case) a categoría de pedra fundacional dun galeguismo adiantado que lle outorgaba por primeira vez a Galicia unha sólida identidade de seu.

A proposta, debedora do discurso histórico de raíz romántica que cultivara antes o tamén historiador e xornalista José Vereas y Aguiar, alcanzaría tal éxito que mesmo hoxe perdura no imaxinario colectivo popular entre os elementos considerados como definidores da xenuína idiosincrasia galega. Con todo, o propio Manuel Murguía facía advertencia dos límites intelectuais da proposta:

Con solo recordar que, entre todas, la idea y noción de la patria es la menos susceptible de una verdadera definición, queda indicado cuán difícil será dar a entender con la claridad debida, lo que sea semejante identidad.

Emporiso, a idea dunha Galicia con identidade propia atoparía axiña arraigamento moi especialmente nas comunidades de emigrantes de América, algo do que hai constancia desde moi cedo.

Non sería alleo a esta nova sensibilidade o feito de que Rosalía de Castro, coa que estaba casado Manuel Murguía, gozara no alén mar dunha grande popularidade e admiración practicamente desde que publica *Cantares gallegos* en 1863, dous anos antes de que o seu home dera a luz o primeiro tomo de *Historia de Galicia* (1865).

É boa mostra de tal popularidade que a poeta fose nomeada socia honoraria da tan importante Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia en La Habana tan só un mes despois da fundación formal desta magna institución de emigrantes, en decembro de 1871.

Nesta liña, o Centro Gallego de Buenos Aires, outra das grandes institucións da emigración galega, organizaba en 1933, no porteño Teatro Cervantes, un festival en «*rememoración justiciera tributada al insigne patricio don Manuel M. Murguía*», do que se deixaría constancia nas páxinas da revista *Galicia* cun monográfico que agora se recupera e estuda polo responsable da presente edición.

Xusto e necesario é que lembremos a figura patriarcal do ilustre polígrafo cando se cumpren cen anos do seu pasamento. Realizamos a tarefa cunha publicación onde, a carón da mencionada reprodución facsímile, se recollen textos tan interesantes como o discurso de don Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui (1891), o artigo «Manuel Murguía, o gran precursor», do tamén polígrafo Francisco Fernández del Riego, e unha moi completa e rigorosísima cronobiografía da autoría dos profesores Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.

Reciban todos eles a miña máis sincera gratitude, así como o xornalista Xesús Fraga, *La Voz de Galicia*, os herdeiros de Francisco Fernández del Riego, o debuxante Siro López e Galiciana (Biblioteca Dixital de Galicia) por faceren posible estas páxinas en honor e lembranza dunha das personalidades máis excelsas de Galicia.



Manuel Turpin

1933: HOMENAXE A MURGUÍA EN BOS AIRES

X. Amancio Liñares Giraut
(Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea - CRPIH).

A figura de Manuel M. Murguía (1833-1923) recibiu varias e solemnes homenaxes póstumas. En vida -que é cando deben facerse, porque as persoas mellor agradecen estas mostras colectivas de agarimo-, co gallo do seu oitenta aniversario (1913), xa fora o protagonista dun acto celebrado na Coruña pola Sociedad Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos. Para a ocasión creara o poeta Ramón Cabanillas un soneto ("*Ó teu xigante esforzo e san consello / debe a Terra gallega sua historia, / e onde queira que de ela haxa memoria / teus estudos serán fonte i-espello*"). As súas honras fúnebres na cidade coruñesa e o amplo eco do seu pasamento o 2 de febreiro de 1923 nas cubertas e páxinas da prensa galega desas datas -aquí e na emigración americana- constituíron, asemade, outro acto cívico de cálida homenaxe.

Algunhas das achegas biográficas publicadas dan conta dos recoñecementos públicos *post-mortem*, celebrados nomeadamente no ano 1933, cando se facía o centenario do nacemento deste polígrafo poliédrico, con obra que se pode cualificar de titánica ou prometeica. A Murguía, ese home pequeno en talla física, pero xigante en talla intelectual, acáelle ben por iso o título de *Patriarca* das Letras Galegas, como xa moi cedo se lle chamou dende América e ten proclamado Antonio Fraguas (1905-1999), xunto a quen foi un continuador seu, o tamén erudito e inmenso Ramón Otero Pedrayo (1888-1976).

En 1933 viu a luz nos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* -tomo VI- a edición da biografía de Manuel Murguía, escrita por Vicente Risco (reeditada por Galaxia no 1976, como primeiro número dunha serie titulada "Conciencia de Galicia"). Risco dicía neste libro que o que domina en todo o pensar murguiano é "o rexurdimento de Galicia. Por riba de todo, estaba nel o seu grande amor á terra natal (...)". De aí que -continuamos citando a Risco-: "Murguía é hoxe unha figura histórica de tan acusado releve que pode ser collida como símbolo da renacemento galega". Dese mesmo ano centenario son tamén os artigos de J. G. Acuña ("Murguía poeta", en *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXI, nº

248, pp. 173-179), C. Vaamonde Lores ("Notas bibliográficas", tamén nese mesmo número do *Boletín* da RAG, pp. 180) e un traballíño sen asinar na revista *Nós*, nº 113, Ourense, 1933, p. 73, co título "Manuel Murguía: Historiador da Nación Galega: 17 de maio 1833-17 de maio, 1923".

Nese ano 1933 inaugurouse o busto dos Cantóns na cidade da Coruña. Os seus veciños de Oseiro (Arteixo) chegaron alí cun ramo de flores, rodeado da cinta coa bandeira republicana. E no alén mar, na capital arxentina daquela ateigada de galegos na diáspora, tiña lugar o 17 de maio a grande homenaxe da que nos imos ocupar de seguido, grazas ás referencias que dela se fai no nº 246, ano XIX, de *Galicia* ("Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires"), xuño, 1933. Murguía era esta vez cualificado de "insigne patricio" na capa desta publicación dos nosos emigrantes na contorna pratense.

Poñamos o texto no seu contexto.

O CENTRO GALEGO DE BOS AIRES

Inda que xa existira un primeiro Centro Galego nesta cidade (1879-1892) -creado pouco despois do da Habana, presidido por Manuel Barros, nucleado por ideas rexionalistas, patrocinador de Xogos Florais, clases nocturnas e con actividades musicais-, referímonos ó que nace o 2 de Maio de 1907. Entre este ano fundacional e o 1933, anotamos os seguintes datos verbo desta entidade galega e bonaerense:

- Na comisión que pon a andar este Centro atópanse varias das persoas que terán que ver coa homenaxe de Murguía (Lence, Alonsopérez).
- Xa moi pronto se organizarán clases de alfabetización para emigrantes e en xullo de 1907 sae o primeiro número de *Región Galaica*, revista mensual.
- Fíxase o 25 de xullo como día de festa oficial. Organízanse romarías, unha biblioteca social, premios para traballos que versen sobre como combater o caciquismo e procurar a abolición dos foros.
- A partir de 1911 o Centro oriéntase cara o carácter benéfico-mutualista (servizos médicos, fúnebres, asesoramento xurídico, farmacia social). Así incrementase moito o número de asociados.
- No 1913 créase unha pensión vitalicia para Manuel Murguía. Aparece a publicación *Boletín oficial del Centro Gallego*.
- O edificio situado en Belgrano, 2.189, é adquirido logo de se realizar unha subscripción popular no ano 1917. Inauguración o 2 de maio de 1920.

- No 1923 conmemórase o falecemento de Murguía e a Real Academia Galega nomea membro de número ó presidente do Centro Gallego de Bos Aires.
- Salientamos tamén nestes anos a construción do Panteón Social (1932) e que a partir de 1926 a revista oficial da institución pasará a chamarse *Galicia*.
- O número de asociados vai medrando deste xeito: 1907, 200 socios; 1910, 400; 1917, 4.209; 1922, 9.600; 1934, 48.000; 1935: 50.000 socios. Esta entidade mutualista converterase á altura de 1950 na primeira de América, con 85.000 afiliados.

Non esquezamos que Arxentina é o principal receptor de emigrantes galegos durante todo o século XX.

- O primeiro presidente da colectividade é Roque Ferreiro (1907-1911). Laureano Alonsopérez exercerá a presidencia en tres xeiras: 1911-14, 1927-29 e 1932-35, cando se materializará a homenaxe murguiana que nos ocupa.

A REVISTA GALICIA

Xa indicamos que o Boletín deste Centro Galego adopta o nome de *Galicia* a partir de 1926. Segundo informacións actuais de Teresa García (Arquivo da Emigración Galega - CCG), o último exemplar que se conserva nesta institución correspóndese co seu número 689, do ano 2012. Era a continuadora de *Región Galaica* (1907) e do *Boletín oficial del Centro Gallego* (1913). Nace co número 164, en agosto de 1926, afirmando nun editorial que nesa palabra -Galicia- "se resumen los entusiasmos de nuestra vida social y colectiva". Principiou cunha tiraxe de 16.000 exemplares, chegou nalgún tempo ós 60.000, baixando posteriormente a 30.000. Sempre de distribución gratuíta entre os asociados, coñeceu a periodicidade mensual, cada dous meses e con só un par de números ó ano. Non consta o nome do director ata que en 1940 apareza o de Luís Seoane, cando se pode datar o comezo dunha segunda etapa ben diferenciada nesta publicación e que xa reborda o marco cronolóxico do presente traballo.

Desempeñou esta revista un importante labor cultural coa difusión de artigos, ensaios e documentos relacionados coa nosa cultura, inda que o idioma galego -como no conxunto da produción de Murguía- acada pouca presenza nas súas páxinas, agás na poesía ou no humor. Dende 1932 abundan textos sobre o nacionalismo, o proxecto de Estatuto de Autonomía, as intervencións de Castelao e Suárez Picallo como deputados e novas sobre o Seminario de Estudos Galegos ou a Real Academia Galega. Entre 1932 e 1936 *Galicia* leva portadas do artista Camilo Díaz Baliño, "paseado"/asasinado polo fascismo o 13/8/36, no primeiro mes da guerra civil española.

GALICIA. Año XIX. Nº 246. Junio, 1933.

Ofrecemos unha ficha descriptiva sobre o exemplar que nos ocupa, con portada íntegra e dezaseis páxinas dedicadas a homenaxear a Manuel Murguía.

TÍTULO: *Galicia*.

SUBTÍTULO: "Revista oficial del Centro Gallego de Buenos Aires".

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN: Belgrano 2189. Bos Aires.

IMPRESA: Non consta.

TIRAJE: 45.000 exemplares.

PERIODICIDADE: Mensual.

DATA: Xuño, 1933. Nº 246. Año XIX. Téñase en conta a numeración, abranguendo os anteriores nomes da publicación.

PÁXINAS: 56.

CUBERTA: A cor. Da autoría de Camilo Díaz Baliño, asinada no 1931. No centro está unha fotografía de Murguía en branco e negro, coa frase "El insigne patricio, D. Manuel M. Murguía". Na cabeceira, "Revista del Centro Gallego" e as verbas "cultura, mutualidad, beneficiencia". Aparecen uns anxos, columnas salomónicas ou helicoidais douradas e barrocas, con motivos vexetais e cunchas de vieira. Debaxo do retrato do homenaxeado, un escudo de Galicia encol da cruz de Santiago.

COLUMNAS: Dúas.

PREZO: Distribución gratuíta entre os asociados do Centro Galego.

LINGUA: Castelá.

DIRECTOR: Non consta.

COLABORADORES: Laureano Alonsopérez, José R. Lence, Xavier Bóveda, Enrique de Gandía, Xunta Directiva.

SECCIÓNS: "En el centenario de Murguía" (inclúe "El festival", "Los discursos", "Nuestro amor a Murguía"). É a parte que nos interesa e que agora reproducimos facsimilarmente. De aí en diante a temática xa será médico-mutualista e asociativa: "Nuestro Instituto de Diagnóstico", "Sesiones de la Junta Directiva", "Domicilios ignorados", "Servicio médico a domicilio", cupóns para solicitar alta como socio (cota mensual de dous pesos, coa frase "incorporar más socios a este Centro, es contribuir a su sostén y progreso"), "Correspondencia detenida", "Donaciones", "Socios fallecidos", "Estadística de servicios sociales en mayo de 1933", "Movimiento de caja del mes de febrero de 1933", "Junta Directiva" (presidencia de Laureano

Alonsopérez e honoraria do embaixador de España), "Nuevos socios" (rexístranse 802 altas, entre os números 89.960 e 90.462).

Contamos amais un extenso bloque de publicidade: setenta anuncios, varios deles de páxina completa. Hai fotografías interiores en branco e negro e publícase a reprodución facsimilar do documento no que o Centro Galego de Bos Aires decide outorgarlle unha pensión mensual vitalicia de 300 Ptas. a Manuel Murguía, a partir do 17 de maio de 1913.

LOCALIZACIÓN: Biblioteca do escritor Xulián M. Magariños (Negreira-A Coruña, 1904-1934). Doazón da súa viúva -Carmen Negreira Tomé (Negreira-A Coruña, 1907-2003)- ó autor deste estudo.

BIBLIOGRAFÍA: inclúese na listaxe que se achega no remate.

A HOMENAXE

"En el centenario de Murguía. Con una brillante velada, el Centro Gallego de Buenos Aires rindió su tributo a la gloriosa efemérides" (p. 3). É o titular co se abre a información sobre a homenaxe celebrada no bonaerense teatro Cervantes. Este recinto foille concedido á entidade para o evento polo Ministerio de Justicia e Instrucción Pública, segundo consta na acta da sesión da Xunta Directiva, do 6/5/1933 (p. 29). O acto contou coa asistencia do presidente da República Arxentina, xeneral Agustín P. Justo.

Iniciouse a velada coa interpretación -orquestra dirixida polo mestre Rafael Palacios- dos himnos arxentino, español -"marcha de Riego"- e galego. Abriu as disertacións o presidente do Centro organizador -Alonsopérez-, quen se referiu á personalidade de Murguía. Seguiron diversas interpretacións musicais, coa orquestra e o tenor galego José Vales. Despois, o xornalista José R. Lence falou sobre "Murguía periodista". Cerrouse a primeira parte da homenaxe coa actuación dun cadro típico crioulo.

A "Rapsodia Gallega número 1", de Paz Hermo, executada pola orquestra de sesenta músicos abriu a segunda parte. Novas melodías de arpa, e o discurso do poeta Xavier Bóveda ("Significación de Murguía"). Logo *Joselín* (Rodríguez de Vicente) interpretou "O Difuntiño" e "As dúas santas".

Máis música orquestral ("Alborada de Veiga") e de arpa, para principiar a terceira parte. O escritor arxentino Enrique de Gandía aludiu no se parlamento a "Murguía historiador". O coro "Lembranzas de Ultreya" puxo o cabo á velada artístico-literaria con diversas cancións e bailes galegos.

OS PERSONAXES

Facemos unha escolma das personalidades asistentes, segundo o seu relevo institucional:

-Agustín P.[edro] Justo (1876-1943): Lembremos que o 6 de setembro de 1930 un pronunciamento militar dirixido por Uriburu remata coa presidencia do radical Irigoyen. É unha consecuencia máis da crise económica mundial (*Crack* de 1929), na que Arxentina -como o conxunto de América Latina- chega a altas cifras de paro obreiro e á bancarrota, logo da caída vertixinosa das súas exportacións de carne e gran.

Despois de dous anos do goberno represivo de Uriburu, unhas pseudoeleccións colocan na presidencia do país ó conservador xeneral Agustín P. Justo (en coalición cunha á do Partido Radical, anti-Irigoyen), quen exerce o cargo entre 1932 e 1938. O seu réxime é cualificado de "moderadamente autocrático" e tivo algúns logros económicos nos eidos agropecuario e industrial.

-J. Casal. Contraalmirante e ministro de Mariña.

-Sr. Fiscovich. Ministro conselleiro.

-Alfonso Danvila [y Burguero], 1879-1945. Embaixador de España en Arxentina entre 1932 e 1936. Tamén escritor de obras históricas. Polo seu cargo, presidente honorario do Centro Gallego de Buenos Aires.

-Alfredo L. Palacios, 1880-1965. Doutor, avogado, profesor e senador nacional, tamén cualificado de "estadista". Parlamentario socialista. En marzo de 1936 envioulle un autógrafo ó Centro Galego, no que di: "He estado en Galicia, pletórica de savia, donde he visto la tierra fecundada, dividida y labrada por el hombre con la pasión y el esmero con que se pule una joya, y he advertido que en esa conjunción de la tierra y el hombre, éste nutre y robustece su carácter". Fillo adoptivo de Ferrol.

-Alejandro A. Bunje. Enxeñeiro e deputado do Partido Radical.

-Conde de Guadalhorce [Rafael Benjumea y Burín, 1876-1952]. Fora ministro en España durante a ditadura de Primo de Rivera, na etapa de "gobierno civil", como membro da Unión Patriótica. Nas vésperas da Segunda República estaba na Unión Monárquica Nacional e formou parte de conspiracións contra o réxime republicano. Enxeñeiro de Camiños. Presidente de RENFE nos finais da década de 1940, cando regresou dende Arxentina a España.

Quen pronunciaron os discursos:

-Laureano Alonsopérez: Un dos fundadores e presidente en tres ocasións do Centro Galego de Buenos Aires, como xa temos dito. Era un rico comerciante, que representaba a á conservadora das candidaturas a presidir a entidade. No 1911 acadou a transformación do centro nunha entidade "benéfico-mutualista". No 1931 encabezaba a lista "Galicia", apoiado polo xornal *Correo de Galicia*, de J. R. Lence. O libro de Alberto Vilanova Rodríguez danos amplas referencias da súa xestión.

-José R. Lence: Este xornalista coruñés (A Coruña, 1874 - Bos Aires, 1951) publicou unha nota no *Diario Español* (3/11/1906) na que instaba á creación dun Centro Galego: "debe ser la casa de los inmigrantes gallegos que llegan a ésta tierra desconocida para ellos, y allí podrían ser recibidos para dar a cada uno colocación adecuada a sus aptitudes y conocimientos". El mesmo sería un dos fundadores, o 2/5/1907. Tamén Alberto Vilanova nos ofrece unha ampla biografía deste escritor e periodista. Fundador e director na Arxentina do primeiro semanario e logo diario *Correo de Galicia* (1898-1945), o xornal galego de maior difusión na América do Sur ata 1936. Lence era "un dos *Deus ex machina* de todas as actividades político-sociais da colonia galega" (X. M. Núñez Seixas).

-Xavier Bóveda: (Gomesende-Ourense, 1898 - Madrid, 1963). Poeta e escritor, moi vencellado á colectividade galega de Bos Aires. Tivo relación de amizade con Murguía, con quen aparece retratado nunha fotografía na Coruña. Bóveda Pérez fundou e dirixiu as revistas *Mundo Español* (1923) e *Síntesis* (1927). Foi tamén poeta, dramaturgo, novelista e conferenciante. Deixounos máis de vinte títulos publicados.

-Enrique de Gandía (Bos Aires, 1906-2000). Profesor da Universidade bonaerense e especialista en heráldica. Historiador e sociólogo.

Quen cantaron, bailaron e recitaron:

-José Vales [Mahía] (Silleda, 1896-Bos Aires, 1976). Acreditado tenor galego, que actuou de cote nos actos organizados por esta entidade.

-Coro Lembranzas de Ultreya: Naceu no 1932, mesmo chegou a actuar no Teatro Solís e na Cámara de Deputados de Uruguai.

-José Rodríguez de Vicente ("Joselín"): Vigo, 1895 - Bos Aires, 1958. Fundador das Irmandades da Fala en Baiona, alcalde desa vila na ditadura primorriverista. En América foi impulsor de diversas iniciativas culturais e fíxose moi popular polos seus contos, impresos en discos.

E unhas notas máis sobre Camilo Díaz Baliño, autor da capa de *Galicia* dende 1931 (Ferrol, 1889 - Palas de Rei (?) -lugar onde se atopou o seu cadáver, 1936-. Asasinado polos sublevados franquistas). No libro de J. A. Durán (1990) faise unha anotación biográfica, na que se nos di que viaxara coa Coral de Ruada por Arxentina, Uruguai e Brasil no 1931. Posiblemente se dea aí esa colaboración gráfica no voceiro do Centro Galego.

Escenógrafo, deseñador, cartelista, pintor... vinculado ó nacionalismo galego e ó republicanismo. Viviu na Coruña e en Compostela, onde se comprometeu co movemento galeguista e moi activamente na campaña a prol do Estatuto de Autonomía de 1936. É o pai do artista, editor e empresario, Isaac Díaz Pardo (1920-2012).

OS DISCURSOS

Velaquí unha antoloxía dalgunhas ideas sobre Murguía expresadas polos oradores do acto daquel Teatro Cervantes, que reproducimos en idioma galego:

- Laureano Alonsopérez:

. Murguía, sen disputa, é a personalidade ilustre máis eminente que produciu Galicia. Se tivese nacido en Francia ou Alemaña, o seu nome pronunciaríase en todos os pobos cultos. Erudito, pensador de recto e sereno xuízo, cronista imparcial, literato de espontánea, brillante e inimitable pluma: foi un sabio e un xenio.

. Murguía por servir a Galicia negouse a si mesmo. Tería acadado os máis altos cargos da política e das letras españolas e a popularidade que lograron outros que eran medianías á súa beira, se non renunciara a proseguir consagrándose, en Madrid, ó xornalismo e á literatura, como de mozo, case de neno, se dedicou con brillantísimo éxito.

. Murguía non foi un precursor, foi un fundador.

. Murguía é a fonte onde todos os galegos recibirán saber e afouteza para trafegar polo fortalecemento da súa terra.

(O discurso fai tamén referencia ás súas publicacións, di que era solicitado polos máis importantes xornais de Madrid e que da novela *Desde el cielo* se fixeron varias edicións e traducións ó alemán, francés, inglés e dúas veces ó portugués).

- José R. Lence:

. O xornalismo non foi para a vida intelectual de Murguía máis ca un medio que lle serviu para poñer de relevo a súa verdadeira vocación amorosa, que non era outra senón aquel nobre e patriótico afán de enaltecer e rehabilitar o nome da súa amada Galicia.

. En Murguía hai que recoñecer o home que atinou a ver a terra prometida e cantou, por anticipado, as súas rexeneradoras e misteriosas delicias.

. A faceta de historiador constitúe, sen dúbida, a máis luminosa do seu talento privilexiado. Eu limítome a salientar a súa obra como periodista áxil e culto, que vexo a través do seu profundo amor a Galicia.

(Lence tamén alude ó labor do Centro Galego, ás polémicas de Murguía na prensa e á súa participación en *La Iberia* e en *La Ilustración Gallega y Asturiana*).

- Xavier Bóveda:

. Non se sabe que admirar máis: se a universalidade de coñecementos e de aptitudes do ilustre polígrafo ou a beleza e a emoción do estilo en que dita obra foi escrita.

. Se, como Murguía observa, Galicia non puido realizar os grandes destinos a que, por capacidade intelectual dos seus homes representativos, se achaba de antemán predeterminada, iso non se debe a outra cousa senón a ese absoluto e lamentable divorcio que se produciu entre esa parte substantiva do noso pobo -"labradores y mareantes"- e as súas máis eminentes individualidades.

(O discurso de X. Bóveda ten fondura e está ben articulado. Atribúelle a Murguía o mérito de saber estudar e divulgar a Historia e tamén o de ser creador dunha ideoloxía de rexeneración para Galicia. Céntrase no *Discurso Preliminar* murguiano da súa *Historia de Galicia*. Pídelle a Galicia como pobo a súa "vontade de ser". Alude a personaxes galegos importantes na Historia. Trátase da disertación máis elaborada e ideolóxica).

- Enrique de Gandía:

. Os historiadores madrileños non recoñecían en Manuel Murguía máis que a un historiador local, e se ben o nomearon correspondente da Academia da Historia, nunca lle cederon unha cadeira de académico de número.

. Sós e tristes, sen máis horizontes que os de Galicia, Manuel Murguía e Rosalía de Castro viviron anos de desencanto e de escepticismo: el como sepultado nos vellos arquivos, reconstruíndo para as xeracións futuras a historia da súa

patria; ela, contemplando as beiras do Sar e oíndo como as campás dobraban a morto.

. Hoxe aqueles seres incomprendidos ocupan o lugar que lles corresponde na Poesía e na Historia. O primeiro en facer xustiza a Rosalía foi o seu home, Manuel.

. Ó ser refugada a súa candidatura para membro de número da Academia da Historia, de Madrid, un ministro creou a Academia Galega para que el, ó presidila, fose recoñecido coma o máis eminente dos historiadores galegos.

(Gandía fai unha belida evocación inicial á cidade de Compostela. Aí sitúa ó matrimonio Murguía-Rosalía de Castro. Refírese ás incompreensións ás que estiveron sometidos ambos escritores. Analiza as penurias da parella e as inxustizas cometidas con Murguía. Debulla polo miúdo a valía das súas contribucións nos libros de Historia que publicou. "A maior homenaxe -di- que podemos tributarlle é fomentar os estudos históricos da terra que el tanto amou". Un texto culto e de erudición).

CATRO ANOTACIÓNS MÁIS

1) O termo "patriarca" aplicado a Murguía reflíctese xa no comezo do artigo "Nuestro amor a Murguía", onde, como liña editorial se recolle que "mucho antes de su muerte, un caracterizado núcleo de coterráneos radicados en la Argentina, en la seguridad de interpretar una obra galleguista, se comprometió caballerescamente a sostener una pensión para el insigne Murguía, ayudándole así a soportar, más holgadamente, los achaques de su ancianidad" (p. 18). E na páxina contigua reproducécese o pergamiño que así o acredita, datado o 17/5/1913 (data tamén da homenaxe na cidade da Coruña).

2) Para pechar a efeméride do centenario de Murguía, o Centro Galego de Bos Aires confeccionou unha placa de bronce, que sería levada a Galicia (ano 1931) polo ex-presidente da entidade, José Villamarín. Esta placa di: "A Murguía en su primer centenario. El Centro Gallego de Buenos Aires. Mayo 17 de 1933". Agora forma parte do monumento dos Cantóns coruñeses.

3) Reprodúcese integramente o artigo de prensa recentemente publicado no diario *La Nación* da capital arxentina. Non ten título nin datación, nin autoría coñecida. É longo e moi laudatorio, poñendo a M. Murguía en relación cos precursores, co Rexurdimento en xeral e con Rosalía en particular. "La vida de Murguía es un himno a la gloria de Galicia", afirma.

4) Asuntos tratados nas reunións da Xunta Directiva son o da concesión do Teatro Cervantes para a celebración do acto de homenaxe (6 de maio, p. 29), e o da placa e o seu traslado a Galicia (27 de maio, p. 33). Así mesmo, ende ben, faise constar na acta dun destes xuntoiros que "adjudícase a la casa Ruíz Hnos. la confección de (...) 5.000 folletos con un resumen de la 'Historia de Galicia', por Murguía, con motivo del homenaje en \$400" (6/5/1933). O dato desta edición tamén se recolle no libro de Sánchez Millares e Vázquez Villanueva, *Medio siglo en la Historia del Centro Gallego de Buenos Aires* (1993). No "Apéndice IV: Libros de Ediciones Galicia" faise constar "1933. *Historia de Galicia (resumen)*, por M. Murguía, 64 págs., 18 X 13 cms.". Non tiven a sorte de ver algún destes cinco mil exemplares que se citan.

CODA

Ata aquí a *disección* contextualizada deste número 246 de *Galicia*, no que a colectividade galega de Bos Aires recolle amplamente o acto de homenaxe a Murguía, celebrado con tanta solemnidade.

En 90 anos de vida, o noso patriarca non foi quen de alongar a súa miúda estatura física nin de atravesar fisicamente o Atlántico, inda que si fixo enorme a súa altura intelectual e chegaron alén mar unha parte da súa escrita, das súas ideas.

E os galegos na Arxentina pensionárono e homenaxeárono con altas honras no centenario do seu nacemento.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AXEITOS, X. L. e X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ: *Manuel Murguía*, Xerais, Vigo, 2000.
- BEYHAUT; G. e H.: *América Latina III. De la independencia a la segunda guerra mundial*, 2ª edc., Siglo XXI, Madrid, 1986.
- BLANCO CAMPAÑA, X. L.: *Radio e prensa na Galicia exterior*, Xunta de Galicia, Santiago, 1995.
- BRAXE, L. e X. SEOANE: *Escolma de textos da audición radial de Luís Seoane "Galicia emigrante" (1954-1971)*, Edcs. do Castro, Sada, 1989.
- C.V.: "Nunca cruzou o mar", no Suplemento *Murguía. Nacionalismo devanceiro*, en *A Nosa Terra*, nº 935, Vigo, 18/5/2000, p. 3.
- CAGIAO VILA, P.: (comp.), *Galegos en América e americanos en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago, 1999.

- CUPEIRO VÁZQUEZ, B.: *A Galiza de alén mar*, Edcs. do Castro, Sada, 1989.
- DURÁN, J. A.: *Camilo Díaz Baliño. Crónica de otro olvido inexplicable*, Edcs. do Castro, Sada, 1990.
- FORTES, B.: *Manuel Murguía e a cultura galega*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2000.
- FRAGUAS FRAGUAS, A.: *Manuel Murguía, o Patriarca*, Banco del Noroeste, Vigo, 1979.
- GONZÁLEZ BERAMENDI, J.: *Vicente Risco no nacionalismo galego*, 2 vols., Edcs. do Cerne, Santiago, 1981.
- "Murguía", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 22, Santiago, 1974-1986.
 - *Manuel Murguía*, Xunta de Galicia, Santiago, 1988.
 - (e X. M. NÚÑEZ SEIXAS): *O nacionalismo galego*, A Nosa Terra, Vigo, 1995.
- HALPERIN DONGHI, T.: *Historia contemporánea de América Latina*, 10ª edc., Alianza Editorial, México, 1983.
- IGLESIAS DIÉGUEZ, A.: *Manuel Murguía. Ideólogo do galeguismo*, Ed. Ir Indo, Vigo, 2000.
- LANZA ÁLVAREZ, F.: *2000 nombres gallegos*, Edicións Galicia, Buenos Aires, 1950.
- LENCE, J. R.: *Memorias de un periodista*, Centro Difusor del Libro, Buenos Aires, 1940.
- LIÑARES GIRAUT, X. A.: "1933: homenaxe a Murguía en Bos Aires", en VV. AA., *Congreso sobre Manuel Murguía*, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago de Compostela, 2001, pp. 89-105.
- MÁIZ, R.: *O rexionalismo galego*, Edcs. do Castro, Sada, 1984.
- *O pensamento político de Murguía*, Xerais, Vigo, 1999.
- MATO, A. (Coord.): *Ánxel Casal, un editor para un país*, Consello da Cultura Galega - Seminario de Estudos Galegos, Santiago, 2007.
- MURGUÍA, M.: *Historia de Galicia (resumen)*, Edcs. Galicia, Buenos Aires, 1933.
- NAYA PÉREZ, J.: *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro*, Deputación Provincial, A Coruña, 1998.
- NÚÑEZ SEIXAS, X. M.: *O galeguismo en América, 1879-1936*, Edcs. do Castro, Sada, 1992.
- (Ed.) *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Biblos, Buenos Aires, 2001.
- PALMÁS, R.: *A emigración galega na Arxentina*, Edcs. do Castro, Sada, 1992.
- PEÑA SAAVEDRA, V. (dir.): *Repertorio da prensa galega da emigración*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1998.

- PÉREZ PRADO, A.: *Los gallegos y Buenos Aires*, Ed. La Bastilla, Buenos Aires, 1973.
- PORTAS FERRO, X.: "Manuel Murguía: pescudas tralo espírito dun precursor", en *Encrucillada*, 117, Santiago, marzo-abril, 2000, pp. 5-26.
- RABUÑAL CORGO, H.: *Manuel Murguía*, Laiovento, Santiago, 1999.
- *Murguía. Un século despois*, Laiovento, Santiago, 2022.
- RISCO, V.: *Manuel Murguía*, Galaxia, Vigo, 1976.
- RODRÍGUEZ DÍAZ, R.: *Historia del Centro Gallego*, Buenos Aires, 1940.
- RODRÍGUEZ GALDO, M^a X. e A. VÁZQUEZ-MONXARDÍN: *Patrimonio cultural galego na emigración*. Actas do I encontro, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1996.
- SÁNCHEZ, L. A.: *Historia General de América*, vol. III, 10^a edc., Ed. Rodas, Madrid, 1972.
- SÁNCHEZ MILLARES, E. e G. VÁZQUEZ VILLANUEVA: *Medio siglo en la historia del Centro Gallego de Buenos Aires*, Xunta de Galicia, Santiago, 1993.
- SEOANE, L.: "Buenos Aires", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 4, Santiago, 1974-1986.
- SIXIREI PAREDES, C.: *Galeguidade e cultura no exterior*, Xunta de Galicia, Santiago, 1995.
- VIDAL BLANCO, F. A.: *Manuel Murguía*, Ed. Toxosoutos, Noia, 1998.
- *Murguía: as letras e a Historia*, Ed. O Correo Galego, Santiago, 2000.
- VILANOVA RODRÍGUEZ, A.: *Los gallegos en la Argentina*, 2 vols., Edcs. Galicia, Buenos Aires, 1966.
- VILLARES, R.: *Historia da emigración galega a América*, Xunta de Galicia, Santiago, 1996.
- VV.AA.: *Volver a Murguía. A Nosa Cultura*, 19, A Nosa Terra, Vigo, 1998.
- *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores*, Galaxia, Vigo, 1995.
- *Diccionario da Literatura Galega. II. Publicacións periódicas*, Galaxia, Vigo, 1997

(Agradecemos tamén as achegas que nos fixo o profesor Xosé M. Núñez Seixas (USC), na conversa mantida en Compostela o 2/5/2000, sobre todo para mellor situar os personaxes que participaron nesta homenaxe da galeguidade de Bos Aires a Manuel M. Murguía. Unha primeira versión deste traballo foi publicada no libro de VV. AA., *Congreso sobre Manuel Murguía. Actas*, Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Santiago de Compostela, 2001).


IGUALDAD



REVISTA DEL CENTRO GALLEGO



El insigne patricio, D. Manuel M. Murguía



CAMIS DIAZ BALIÑO
1911

★ GALICIA ★

REVISTA OFICIAL
DEL
CENTRO GALLEGO DE BUENOS AIRES
BELGRANO 2189 U. T. 3099, Cuyo


AÑO XIX - N.º 246

EDICION DE 45.000 EJEMPLARES

JUNIO 1933

En el centenario de Murguía

Con una brillante velada, el Centro Gallego de Buenos Aires rindió su tributo a la gloriosa efemérides



S. E. el señor presidente de la República, al llegar al teatro Cervantes posa acompañado por los miembros de recepción.

La rememoración justiciera tributada al insigne patrio don Manuel M. Murguía en el teatro Cervantes, con motivo de cumplirse el primer centenario del natalicio de tan ilustre conterráneo, no sólo marcó un perenne surco en los anales de la colectividad, — pues significa la absoluta compenetración de esta Galicia en América con cuanto tienda al prestigio de la raza— sino que adquirió también los significativos contornos que merecía el recuerdo a nuestro gran patriarca, cuyo venerado nombre légame, de generación en generación, como el más elevado exponente de nuestra raza.

Si a todo ello agregamos la noble y digna solidaridad argentina al acto que se realizaba, solidaridad puesta de manifiesto no sólo por la prensa y literatos de

notorio relieve, sino también con la honrosa presencia del más alto dignatario argentino y otras autoridades, puede decirse que el gran hombre a quien se dedicaba la emotiva velada, tuvo en esa noche uno de los homenajes más trascendentales tributados a su imperecedero recuerdo.

Murguía, el prócer, compañero de aquella otra gloria regional, Rosalía de Castro, que además de prócer era santa, recibió en la inolvidable noche del Cervantes, y conjuntamente con el recuerdo de la colectividad gallega, el homenaje de la Argentina, que quiso rendirle también su cendal de rosas espirituales, comprendiendo que hombres de tal magnitud son dignos de la universal admiración.

EL FESTIVAL. — Presentaba esa noche el teatro Cervantes un grandioso aspecto. En el palco avant-scène de la derecha, se hallaba el presidente de la República, general Agustín P. Justo, acompañado del ministro de Marina, contraalmirante J. Casal, con su distinguida familia, y el edecán de servicio. El primer magistrado fué recibido a la puerta del teatro por las autoridades del Centro y la comisión de recepción nombrada al efecto, siendo acompañado hasta el palco oficial.

En el otro palco avant-scène, se hallaban el embajador de España, don Alfonso Danvila, ministro con-

oportunos términos del señor Alonsopérez, la orquesta interpretó el intermedio de "A meiga" del maestro Guridi, cantando, a continuación, el tenor José Vales las melodías gallegas "Terriña", de Paz Hermo, y "Unha bágoa", de Sánchez Iglesias. Inútil será decir que el exquisito tenor gallego fué aplaudido cariñosamente por su delicada interpretación de la música regional, que modula con cautivador sentimiento.

El periodista, don José R. Lence, disertó después sobre "Murguía periodista", de cuya interesante conferencia publicamos más adelante un extracto.

A la disertación del señor Lence, que fué premiada



Artística placa de bronce que el Centro Gallego envía a Galicia para que sea colocada en el mausoleo del inolvidable patricio don Manuel Murguía.

sejero, señor Fiscovich, cónsul general, señor Enrique de Luque, y los agregados a la Embajada.

En otros palcos tuvimos la grata satisfacción de ver a las siguientes personalidades argentinas y españolas: senador nacional, doctor Alfredo L. Palacios; diputado, Ing. Alejandro A. Bunge; vice-presidente del Concejo Deliberante, Sr. Reinaldo Elena; sub secretario de Justicia e Instrucción Pública, doctor Rafael Bielza; Dr. Augusto Cortina; Arq. Pablo Moreno; Dr. Alberto Caeiro; Dr. Luis Ricci; Dr. Juan José Beretervide; Dr. Reinaldo López Ramírez; señores Conde de Guadalhorce; Rafael Vehils; Antonio Maura; Ramón Cabezas; José Villamarín; Dr. Juan Salleras; Dr. Francisco Durá, y otros muchos cuyos nombres sentimos no recordar en los instantes de escribir esta crónica.

Se inició el espectáculo con la ejecución, por la nutrida orquesta, que dirigía el maestro Rafael Palacios, del Himno argentino, marcha de Riego e himno gallego; abriendo a continuación el acto nuestro presidente, don Laureano Alonsopérez, quien se refirió a la personalidad de Murguía.

Acallados los aplausos con que fueron acogidos los

por los aplausos de la selecta concurrencia, siguió el cuadro típico criollo que dirige don Juan Más, interpretando un lucido patio gaucho, para finalizar con el pericón nacional, en el que las banderas argentina y española se unieron en medio de grandes aplausos.

Dió comienzo la segunda parte con la ejecución, por la orquesta, de la "Rapsodia gallega número 1", del recordado maestro Paz Hermo, interpretada con perfecta sonoridad de matices, por los sesenta profesores que actuaban esa noche.

Seguio a continuación un dúo de arpas por la notable profesora, señorita Eduarda M. Parravicini, y la señorita Enriqueta Tesone, que interpretaron en medio de una religiosa atención, el bellissimo "Addagio", de Thomas, siendo aplaudidas calurosamente al finalizar su delicado recital.

Sobre la "Significación de Murguía", disertó después el poeta don Xavier Bóveda, cuyo discurso, que fué muy aplaudido, publicamos después.

José Rodríguez de Vicente, el popular "Joselín", salió a escena para recitar dos de sus jocosas y a la vez filosóficas interpretaciones: "O difuntíño" y "As duas


santas". Rodríguez de Vicente, que estudió con una constancia envidiable el espíritu de nuestros mariñans, los viejos lobos de mar, y de los petrucios del agro gallego, sabe interpretar como nadie la enjundiosa ironía de las gentes del pueblo. Los prolongados aplausos tributados, así se lo demostraron elocuentemente.

Después de un pequeño intervalo, dado lo avanzado de la hora, se inició la tercera parte del programa

Sinto n' a y-alma qu' en momentos com' este e en autos feitos tan sóo pra falar de cousas apacibres, teña que molestarvos con taes refrésios. Dóyome sobre todo po-l' as donas que m' escoitan e que quereían mellor escoitar outros acentos, ver pasar outras imaxens mais gratas e risoñas, e que —á maneira que n' este val fermosísimo, os ventos d' a mañan murmuran e deixan os seus misteriosos sagredos n' o seo d' as rosas abertas,— lles dixesen algo d' o que teñen n' o seu corazón e n' os seus pensamentos de todo-l' os días. Mais que facerlle? Ven d' o alto a ameaza e n' era pra deixala pasar. Dend' a tribuna qu' hoxe nos dá o amor que sentides po-l' as cousas d' a terra, estas miñas palabras teñen mais eficacia. Vayan pois á decirlles que n' estamos dispostos á soportalos hastr' o día d' o xuicio.

Queden n' a sua paz, pensen qu' o seu califato n' ha de ter término. Nos somos outros homes, e vamos directamente ó fin proposto. No-nos han de deter as ameazas d' os que n' o nome sagrado d' a pátreca escomulgan os nosos

ideals. Aquí, n' esta terra con límites naturais, con raza, con léngua e historia propia; aquí ond' é tan perseverante a fidelidade con que gardamos os recordos d' o que podemos chamar o noso paraíso, aquí señores, nin importan nin poñen medo as ásperas palabras d' os que se din nosos amos. E que teñan en conta que canto mais sofridos fomos, mais dereito temos á non seguir sufrindo; tanto mais fixemos ó que lles praceu, tanto mais dereito temos á face-l' o que nos práz; que tanto en fin habedes gritado, que é xa hora qu' a nosa voz pase por enriba d' a vosa.

Dito esto, calemos xa, e non pensemos sinon n' o que nos compre. Abramos as nosas almas ós novos pensamentos e deixemos chegar o aire que trae as mudanzas certas. Pensemos que n' en valde temos en Galicia os restos d' aquel celeste guerreiro, enemigo d' a xente de Mahoma. Homes europeos, homes de Cristo, a victoria está por nos. Os homes d' o Koran, os semitas que inda erran como sombras po-l' as terras d' España, soyo importan porque son un perigo e un estorbo.

XA DIXEN.

MEMORIA

LIDA PO-L' O SACRETARIO D' O CONSISTORIO
D' OS XOGOS FRORAES, SEÑOR DON SALVADOR CABEZA
LEÓN N' O AUTO D' A CELEBRACIÓN D' OS PIRMEIROS,
O DIA DE SAN XOÁN DE 1891.

Cando alá po-l' o mes d' Abril, convidábamnos "ós discretos trovadores e honorabres esquirtores de Galicia, d' o Bierzo e d' as outras vellas comarcas onde se fala ou é conecida á nosa léngua" á que tomasen parte n' a poética festa qu' hoxe celebramos n' esta nobre cibdade de Tuy, non coidamos qu' o noso chamamento fose tan atendido como foi. Moitos poetas acodiron á disputarse os prémios ofrecidos po-l' o "Consistorio d' os Xogos Froraes de Galicia," e por enxebres patrios que n' a nosa empresa se dinaron axudarnos. Culpa foi, sin dúbida, d' o tempo, que non todos esos prémios se poideran adjudicar.

De todas maneiras, seríamos enxustos sinon decaerásemos alto, e moi alto, que estamos satisfeitos. Os parvos ou maliciosos que non comprenden o que nos propoñemos, ou finxen non comprende-l' o; os dominados po-l' a envexa que lles produz todo aquilo que non

sai d' eles, ou en qu' eles non teñen parte, quizaís se fagan de novas e se mostren istrañados, d' a resoanza qu' han de ter estos Xogos Froraes. Deixá-l' os c' a sua iñoranza ou c' a sua ruindá, e postos en Dios e n' a pátre a vista, e o corazón, fagamos noso camiño, traballando decote po-l' o adiantamento e liberdade de Galicia. ¡D' abondo sabemos, qu' os povos grandes, tarde ou cedo rompen as suas cadeas, e volven á ser o que foron cando volver á ser o que foron se propoñen!

Cincoenta e duas composicións se presentaron outando ós prémios de que xa queda feito recordo. O Xurado calificador eisaminounas todas c' o maor detenimento, coidando elixir aquelas en qu' a ispiración poética, correra parexas c' a correución d' o linguaxe. Non pudían esquencerse os Manteñedores, de qu' o seu xuício, non sósmos había de perunciarse sobre d' o fondo sinon tamen comprende-l' a forma. Os Xogos Froraes son tanto festa d' a poesía, como festa d' a pátre a, e po-l' o tanto a fala é n' eles fautor d' os principaes.

E dempois de medir e pesar todas estas consideracions, decaeraron os Xurados por unanimidad dina d' o primeiro prémieo, a composición nomeada. "¡Desperta!" que leva por lema, *Pátria, Fides, Amor.*

Esqurta en gallego, sinon d' o todo enxebre, moi aceptabre ó menos, faise notar po-l' a valentía d' os seus versos cheos de ruda armonía; po-l' o fogo patriótico qu' a ispira, e po-l' os erguidos conceutos n' ela espresados, e expostos en correutos endecasílabos. Alguns defectos qu' a luxan, com' a moita lonxitude de certas estrofas, e incorreucións d' o linguaxe, son tan fáciles de emendar que non merecen sinalarse con mais detenimento.

O segundo d' os prémios ofrecidos po-l' o Consistorio, acordouse adjudica-l' o á lénda tetulada *O derradeiro trovador*, e que ten por lema:

«Río Miño, río Miño,
río Miño, meu amor,
que xemes quedidamente,
su d' os amieiros en frol,
¡ben haya con sangue mouro,
ben haya quen te luxou!

Non ten feitura acabada de lénda—nin era perciso, según as condicións d' o cartel en que s' invitou pr' os Xogos Froraes—a composición premeada c' a pola de carballo: pro cántase n' ela un feito d' a historia de Galicia, e cántase en versos soltos, armoniosos,

MANUEL MURGUÍA, O GRAN PRECURSOR

Francisco Fernández del Riego
Letras Galegas, 2023.

Lembramos hoxe a Manuel Murguía cando acaba de se cumprir o setenta e cinco aniversario do seu pasamento. Era Murguía home de corpo miúdo, pero de alma grande. O labor polifacético que realizou influíu tanto na Galicia do seu tempo como na de despois. A súa personalidade proteica produciu un fondo calco nos diversos eidos da cultura galega. Mais non só iso, senón que, por firmísima vocación, puido insuflar un acento galeguizador na creación dos dous grandes poetas da súa época: Rosalía de Castro e Eduardo Pondal.

Murguía, aínda que pequeno de corpo, foi un home enteirizo, independente, rebelde. Nunca quixo axeitarse a convencionalismos. Había unha preocupación dominante no seu espírito: a do rexurdimento de Galicia, con características diferenciais, cunha cultura e unha lingua propias. Por riba de todo, alentaba nel un profundo amor pola terra natal, que o levou aos maiores sacrificios, e que constituíu tamén toda a súa grandeza.

En realidade, dedicouse a estudar o pasado por amor ao país. Por iso, a súa obra histórica veu ser unha obra patriótica. Escribiuna para erguer o nome de Galicia ante os propios galegos, e ante os estraños. Pero tamén para tirar do pretérito, ensinos para o porvir.

Non foi só a titulada *Historia de Galicia*, que deixou sen rematar, a que ocupou a súa actividade pescudadora. Foron tamén outros estudos que ían marcando etapas fundamentais no desenvolvemento do país: *Don Diego Gelmírez*, *Los trovadores gallegos*, *El arte de Santiago en el siglo XVIII*, *Los precursores*.

Fóra do labor histórico, no que andou a procurar antecedentes para a restauración integral do país galego, foi dono do segredo dunha fina prosa, evocadora, musical. Valle-Inclán dixo de Murguía, cando coñeceu o seu libro *En prosa*, que fora “o primeiro e o mellor que, na tradicional aridez da prosa castiza, fixo cantar, para agasallo de todos, ás líricas labercas”.

Nembargante, para coñecer o belo estilo cómpre ler, ademais da súa prosa rítmica, os retratos de *Los precursores*, as evocacións das paisaxes, dos tempos primitivos. Páxinas nas que a visión do noso pasado recolle a vida saudosa, prometedora, dos longos outonos nas campías galegas. A Real Academia Galega, da que Murguía foi o seu primeiro presidente, celebrará cumpridamente este ano os setenta e cinco que van decorridos desde o seu pasamento. É a homenaxe que lle debemos ao gran precursor.

La Voz de Galicia, 24 de marzo de 1998.

(Agradecemos a María Teresa Fernández Mediero -no nome das herdeiras de Francisco Fernández del Riego-, a Xesús Fraga e *La Voz de Galicia* as facilidades para a reprodución deste artigo, recollido do libro de X. Fraga, *Francisco Fernández del Riego: a tinta de Galicia*, LVG, A Coruña, 2023).

CRONOBIOGRAFÍA

(Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo)

1833. No concello de Arteixo, no lugar de Froxel, sito na parroquia de San Tirso de Oseiro, nace Manuel Antonio Martínez Murguía o 17 de maio de 1833. A súa nai, Concepción Murguía Egaña, que se atopaba descansando a causa do seu avanzado embarazo no balneario de Arteixo, tivo que dar a luz ao neno na casa de Antonio Pan, labrego do lugar de Froxel. O neno foi bautizado ao día seguinte e o seu padriño foi o dono da casa onde nacera. Os pais casaron o 27 de xullo na Igrexa de San Nicolás de Bari, na Coruña.
1837. Xoán Martínez de Castro, pai de Manuel Murguía, foi un boticario de Compostela de talante liberal, mentres que a nai era de orixe vasca, de Oyarzun, pertencente a unha familia tradicional e conservadora de clase humilde da sociedade vasca. Pese ás súas ideas liberais o pai será moito máis esixente co seu fillo que Dona Concepción. A familia, asentada provisoriamente na Coruña, na rúa Garás, nº 18, logo se muda a Santiago de Compostela, onde instalan a súa botica na praza do Pan nº 1, lugar coñecido hoxe como Cantón de San Bieito. Dous anos máis tarde nace Nicolás, irmán de Manuel, que haberá de ser médico. El será quen relacione a Aurelio Aguirre co seu irmán.

Na cidade do Apóstolo transcorren aqueles anos da súa nenez ata a primeira mocidade. Alí cursa os seus estudos primarios e secundarios. Foi un estudante mediocre, mesmo para aprobar cuarto de Filosofía tivo que acudir a Ourense, pois esgotara todas as convocatorias en Santiago, e suspende o exame de Grao que non logra superar ata o ano 1851.

1846. Cando só contaba trece anos presencia os acontecementos do 23 de abril, que relatará anos máis tarde no xornal *La Voz de Galicia*¹. Este feito inflúe decisivamente no seu posicionamento ideolóxico e no de outros moitos mozos composteláns, entre os que salienta a figura de Aurelio Aguirre.

Comeza a carreira de Farmacia, por desexo do seu pai, pero ao mozo Manuel Murguía o que lle gustaba era a historia e a literatura e con tan só dezasete anos xa escribira a súa primeira novela, *Desde el cielo*. Daquela o movemento intelectual de Compostela sitúase no Liceo de la Juventud, ao que acoden os estudantes e intelectuais Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, Rosalía de Castro ou o aínda moi novo Murguía.

¹ *La Voz de Galicia*, 23 de abril de 1885.

1851-52. No comezo deste curso académico marcha a Madrid, contra a vontade do seu pai, quen mesmo lle nega calquera axuda económica e ten que recorrer ao apoio do avó, que albiscaba un próspero futuro literario para o mozo. Tamén en Madrid interésase máis polo ambiente cultural que pola carreira de Farmacia; queda sen cartos e chega a pasar graves penurias, pero persiste no seu vínculo coa intelectualidade e a bohemia.

1854. Morre a súa nai, dona Concepción Murguía Egaña. Coa axuda de Eduardo Chao, político e editor galego, Murguía é nomeado redactor de *La Iberia*, cargo que rexeita por mor dos seus estudos, pero ofrécelle ao editor deste xornal madrileño a súa novela *Desde el cielo*, que publicada a modo de folletín (7-23 de agosto de 1855) tivo un enorme éxito.

1856. A súa visita a Galicia no verán estreita máis os lazos que xa o relacionaban cos intelectuais da época. Daquela xa se celebrara no mes de marzo o Banquete de Conxo, onde os intelectuais sérvenlle a un grupo de obreiros a súa comida para manifestarlles que unha Galicia moderna, próspera e democrática só se pode acadar mediante a solidariedade entre os obreiros e os intelectuais. Este feito pon de manifesto o talante liberal e democrático que prima na intelectualidade galega destes anos, aínda que con algunhas discrepancias que mesmo provocan algún enfrontamento e liorta dos que tamén será partícipe o propio Murguía.

A Imprenta de La Oliva de Vigo publica a súa novela *Desde el cielo*, que gozará dun grande éxito, contándose nove edicións dela e mesmo a súa tradución a diversos idiomas.

Especial relevancia na súa xeira vai ter o artigo "Los Hidalgos de Monforte" no que fala da obra de Vicetto, pois este será o xermolo da correspondencia entre os dous historiadores e dunha fonda amizade. En 1856 Benito Vicetto convida a Murguía a volver a Galicia para colaborar con el na revista rexionalista que dirixe na Coruña, *El Clamor de Galicia*, pero a súa amizade rematou no mesmo día no que se atoparan, cando Murguía volveu a Galicia no verán daquel ano. As causas do enfrontamento descoñécense, pero o seu testemuño permanece nos prólogos dos seus libros. Murguía así o puxo de manifesto na súa publicación *Los Precursores*.

Murguía, Aurelio Aguirre e outros escritores da época son convidados por Villamil para homenaxear ao Cura de Fruime.

No outono volve a Madrid e ao ambiente literario do que tanto gustaba. Unha amizade, a de dona Carmen Lugín, nai do autor de *La Casa de la*

Troya, será das máis relevantes na súa vida. Dona Carmen celebraba na súa casa uns parladoiros literarios aos que asistían os irmáns Valeriano e Gustavo Adolfo Bécquer, dona Teresa de Castro (nai de Rosalía e parente de dona Carmen Lugín) e o mesmo Murguía. Nesta casa o amigo de ambos, Eduardo Chao, preséntalle a Rosalía ao noso biografiado. Ao longo destes parladoiros nace entre eles unha amizade que chegará co tempo a callar en noivado.

1857. Aparecen a narración *El ángel de la muerte*, na imprenta de La Crónica de Madrid, e a novela *Mientras duerme*, na imprenta de La Iberia.

Rosalía publica en Madrid o poemario *La Flor*.

1858. Casa con Rosalía de Castro o 10 de outubro na igrexa de San Ildefonso en Madrid.

Segue asistindo aos faladoiros da intelectualidade e a bohemia xunto con Evaristo Escalera, Antonio Arango, Fernando San Julián e Olivares entre outros.

O seu amigo Eduardo Chao proxecta publicar o *Diccionario democrático español* e solicítalle a Murguía un artigo, "Alberoni".

1859. A familia trasládase a Santiago de Compostela, onde nace a súa primeira filla, Alexandra, que amosa grandes dotes para o debuxo. Ela acompañou de moza ao seu pai para debuxar os monumentos que el trataba nos seus escritos. Coa chegada da súa nena Murguía escribiu un libro de lecturas escolares, *La primera luz*, volume constituído por vinte temas diferentes, onde mediante unha estrutura de preguntas e respostas explica algunhas cuestións de xeografía, historia, lingua, literatura, relixión, etc. acompañadas das biografías de Santa Mariña, San Paio, Diego Xelmírez, o Padre Feijoo e don Felipe de Castro. O volume, editado por Juan Compañel en Vigo, foi texto escolar por unha Real Orde de abril de 1860.

Publica o seu relato *Olivia* en *El Museo Universal*.

Ven a luz as súas novelas *Don Diego Gelmírez* e *La mujer de fuego*, ambas publicadas no folletín madrileño de *Las Novedades*.

Rosalía de Castro publica en Vigo *La hija del mar*.

1860. De Compostela marcha a familia para instalarse en Vigo, onde vive na rúa Real, nº 12, no edificio que era sede da publicación *El Miño*, pero a mediados de ano Murguía marcha para Madrid e Rosalía acompáñao en setembro.

Morre en Cuba o seu irmán Nicolás.

1861. Murguía e a súa dona viaxan dende Madrid a Alacante e Murcia. Rosalía publica en Madrid a súa novela *Flavio*. A finais de ano ela volve a Galicia aqueixada dunha grave enfermidade.

1862. Edítase a primeira entrega do *Diccionario de Escritores Gallegos*, publicado en Vigo pola imprenta de Juan Compañel. Dese mesmo ano é a célebre publicación *Álbum de la Caridad*, onde tanto Murguía coma Rosalía están presentes.

1863. O 17 de maio publícase o volume de Rosalía *Cantares Gallegos*, do que Murguía elaborara o glosario. Na mesma imprenta viguesa propiedade de Juan Compañel, aparece o seu libro de poesías *A mi madre*.

A comezos dese ano aparecen as primeiras entregas da novela de Murguía *Desde el cielo* no xornal *El Eco Escolar* e avanza as entregas do seu *Diccionario de Escritores Gallegos*.

En novembro Murguía volve a vivir en Madrid, aínda que a súa dona queda en Santiago.

1864. Aparecen novas entregas do *Diccionario de Escritores Gallegos* que en maio xa son doce. As expectativas do autor esnaquízanse cando a importante axuda que agardaba da Deputación da Coruña só acaba a subscrición de cincuenta exemplares. A obra quedará sen rematar.

Co apoio de Casares e Paz Novoa consegue que o Congreso Agrícola celebrado en Santiago aprobe unha moción para solicitarlles ás Deputacións galegas a subvención da súa obra *Historia de Galicia*. Murguía decide entón dedicarse exclusivamente a esta nova obra e suspende as entregas do seu *Diccionario*, a pesar de recibir un grande eloxio da Academia da Historia e a subscrición de cen exemplares da obra para os centros de ensino.

Aparece no *Diario de La Coruña* un duro ataque de Vicetto. As discrepancias entre eles afóndanse debido ós ciúmes profesionais existentes entre ambos. Murguía desenvolve un estilo marcado polo rigor documentalista,

a complementación de textos escritos e a utilización dunha bibliografía adecuada, aínda que a súa narración busca ser áxil e colorista.

En outubro volve a Santiago, onde vive na rúa de Mazarelos, nº 7.

1865. Na Imprenta Soto Freire de Lugo aparece o volume I da *Historia de Galicia* (abrange 90 entregas de oito páxinas cada unha). Igualmente, publica o volume I do *Diccionario de Escritores Gallegos*.

1866. Publícase o volume II da *Historia de Galicia* (con 85 entregas de oito páxinas cada unha).

É nomeado membro correspondente da Academia de Historia.

A Deputación de Ourense concédelle unha pensión.

1867. Acada da Deputación da Coruña unha subvención de catrocentos escudos por cada volume da súa *Historia de Galicia* a cambio de cincuenta exemplares da súa obra.

Como correspondente da Academia da Historia é nomeado membro da Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos.

Rosalía publica na Imprenta Soto Freire a novela *El caballero de las botas azules*.

1868. O remate da monarquía de Isabel II, provocado polo triunfo da revolución de setembro, leva aos progresistas ao poder e con eles Murguía será nomeado secretario da Xunta revolucionaria de Santiago e desenvolverá o cargo de xefe do Corpo de Arquivistas. En novembro foi destinado a Simancas (Valladolid) como xefe de terceiro grao.

Nace a súa filla Aura.

1869. A Deputación de Pontevedra concédelle unha subvención de seiscentos escudos para o III volume da *Historia de Galicia*.

1870. É designado director do Arquivo Xeral do Reino de Galicia. A familia trasládase á Coruña.

1871. Crece de novo a familia Murguía coa chegada das xemelgas Gala e Ovidio (coñecido pintor, morto prematuramente en 1900).

1872. Murguía é nomeado vocal da Comisión española encargada dos traballos preliminares da Exposición Universal celebrada en Viena.

1873. Nace a súa filla Amara.

Debido ao atraso na publicación, a Deputación da Coruña castiga a Murguía cunha retención da terceira parte do soldo para resarcirse dos seis mil reais concedidos ao autor para a elaboración do III volume da *Historia de Galicia*.

1874. A Deputación Provincial da Coruña concédelle unha nova subvención de mil cincocentas pesetas por cada tomo da *Historia de Galicia*, que cobrará o autor ao remate do volume.

Morre en Santiago o seu pai, Juan Martínez de Castro.

1875. Chega outro fillo varón, Honorato Alejandro, que morrerá accidentalmente ao ano de nacer.

A situación familiar é novamente complicada. Murguía perde o seu emprego de director do Arquivo e entre 1875 e 1892 non consegue unha ocupación estable. As discrepancias con outros escritores coetáneos como Valentín Lamas Carvajal ou o xa mencionado tirapuxa que sostíña con Benito Vicetto intensifícanse.

1876. Volve ao mesmo cargo que tiña na Administración, esta vez na sección de Bibliotecas e destinado a Valencia, pero perdeuno por non tomar posesión do mesmo no prazo establecido.

Viaxa a Portugal na compañía da súa filla Alexandra.

1877. Nace morta Valentina, a súa nova filla. Dous anos despois Rosalía padece unha grave enfermidade. Sumido nunha profunda crise, Murguía decide aceptar a oferta do seu amigo, o editor Alexandre Chao, quen lle propón dirixir *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1879-1881), publicación que se ocupará da defensa dos países máis periféricos e menos desenvolvidos, difundindo o seu amplo patrimonio cultural e reflexionando sobre os grandes problemas da época como a ordenación do territorio, o sistema de foros, etc. Nas súas páxinas trataba un amplo abano de temas: a lingua e o seu emprego, a literatura (congratúlase da descuberta da literatura medieval galego-portuguesa descoñecida ata daquela, celebra o centenario de Camões), asuntos sociais (trata especialmente a grave situación social dos labregos agravada pola fame e a peste devastadoras) e a emigración,

pero tamén tiñan cabida a pesca, a economía e as comunicacións entre outros moitos.

1882. Deixa a dirección de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, que muda o seu nome polo de *La Ilustración Cantábrica*.

Publica, na madrileña Librería de Bailly Bailliere, o seu *Estudio sobre la propiedad territorial en Galicia. El foro, sus orígenes, su historia, sus condiciones*, onde reflexiona sobre este sistema de arrendamento vixente en Galicia dende o medievo.

1883. O director xeral de Instrucción Pública concédelle a dirección dunha comisión científica que ten como obxectivo elaborar un catálogo e o correspondente informe dos monumentos artísticos de Galicia, labor pola que recibe tres mil pesetas.

1884. Ve a luz outro estudo da súa autoría, *El arte en Santiago en el siglo XVIII*, editado polo Est. Tip. de Fernando Fe de Madrid.

1885. Andrés Martínez Salazar funda a súa prestixiosa Biblioteca Gallega, que se inaugura co volume de Manuel Murguía titulado *Los Precursores*, publicado por Latorre y Martínez, na imprenta de *La Voz de Galicia*. Nel o autor fai unha crónica da vida pública de Galicia daquel final de século e recolle o labor realizado por aqueles que na segunda metade do século XIX configuraron a vida cultural galega da época, dándolle unha especial relevancia ao Rexurdimento, á revista *Galicia* (onde xunto con Alfredo Brañas formulara a proposta rexionalista) e tamén a aqueles que formaron parte do Banquete de Conxo. Este libro inicia a xeira rexionalista de Murguía, na que tamén se encadran unha serie de artigos aparecidos en *La Región Gallega* nos que defende o carácter plurinacional que configura España.

Nese mesmo ano, o 3 de xuño, a Sociedade Económica de Amigos do País, de Santiago de Compostela, instaba aos gobernadores das provincias da Coruña e Pontevedra para que Murguía fose designado Cronista Xeral do Reino de Galicia. Tras a designación foille asignada unha cantidade anual de mil duascenas cincuenta pesetas.

O 15 de xullo morre na casa da Matanza, en Padrón, Rosalía de Castro.

1886. Murguía preside en Pontevedra un Certame Literario Musical. Este acto pon de manifesto que a súa xeira rexionalista dera comezo. O discurso foi

reproducido na revista catalana *La España Regional*, dirixida por José Pella y Forgas, con quen Murguía estableceu comunicación epistolar.

1888. Tamén na liña rexionalista figura o seu libro *Galicia*, aparecido en Barcelona no Est. Tip. de Daniel Cortezo y Cía. O volume está encadrado nunha serie dedicada a toda España. Nel recolle moito máis que unha descrición da xeografía, costumes e historia do noso país. O autor abrangue, ademais da narración da historia galega, a reivindicación dos postulados ideolóxicos que a constitúen: dende o celtismo ata a configuración dun poder galego dotado das súas propias institucións (Xunta do Reino ou a Audiencia). O libro describe as cidades e vilas galegas de maior relevancia, recolle as semblanzas dos seus persoeiros, a súa arquitectura máis relevante e mesmo os seus mitos.

Aparece o III volume da súa *Historia de Galicia*, custeado polo Centro Galego da Habana.

1889. Edítase en Cuba, na Imp. y Papel. La Universal da Habana o seu folleto *El Regionalismo Gallego*, onde defende a diversidade das "nacións minúsculas" e, aínda que non cuestiona a unidade do Estado español, subliña que este está constituído por diversas entidades diferenciadas culturalmente. O autor reclama o autogobemo, a oficialidade do idioma galego (mesmo a escolarización e o culto en galego) e que sexan os galegos os que xestionen as súas institucións. Rebate a teoría histórica de Sánchez Moguel, con quen sostivo unha forte polémica tras a lectura en 1888 do seu discurso de ingreso na Academia de Historia.

Neste mesmo ano constitúese a Asociación Regionalista Gallega en Compostela, na que milita xente moi relevante dentro do movemento rexionalista galego: Aureliano Pereira de la Riva, Salvador Cabeza de León, Barcia Caballero, Manuel Amor Meilán, Francisco M^a de la Iglesia, Urbano Gómez Varela ou Salvador Golpe entre outros. Manuel Murguía é nomeado presidente da Asociación e Alfredo Brañas vicepresidente; ambos codirixirán a publicación encargada de difundir as súas ideas, *La Patria Gallega*. Dende as súas páxinas reclámanse representantes galegos a Cortes e o apoio do goberno á agricultura, industria e mesmo ás artes gráficas desenvolvidas en Galicia. Postulados que constitúen o xermolo do que había ser, pasado o tempo, o pensamento nacionalista galego.

1890. Viaxa a Barcelona convidado a formar parte do *Consistori dels Jocs Florals*.

1891. A Asociación Regionalista Gallega participa no traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro á igrexa de San Domingos de Bonaval en Compostela, o 25 de maio, para depositalos no actual Panteón de Galegos Ilustres. Esta mesma asociación promoveu tamén a celebración, o 24 de xuño dese mesmo ano, dos Xogos Florais de Tui, nos que Murguía, como Presidente da Asociación, pronuncia o seu célebre discurso en galego no que exalta a lingua como elemento nacionalizador e reclama a súa utilización. Xunto a Murguía tamén empregaron o galego nos seus discursos Alfredo Brañas, o bispo Lago González e Salvador Cabeza de León. Os textos que se presentaban ao concurso cumpría que estiveran tamén en galego. Nestes Xogos foron premiados Eladio Rodríguez, Xoán Barcia Caballero, Urbano González, Filomena Dato Muruais e Martiño Díaz Espunch.

Don Luís Domenech Montaner, presidente da Asemblea de Delegados, invita a Murguía a participar nos relatorios celebrados pola Unión Catalanista en Barcelona.

A Librería de D. Eugenio Carré de Santiago publica o volume IV da *Historia de Galicia*, onde Murguía reitera a súa reivindicación de estatuto de nación para Galicia.

Acompañado por Martínez Ferreiro, é designado para formar parte da Comisión Provincial para promover a participación de Galicia na Exposición Histórico-Americana, que se celebrará en Madrid para conmemorar o Cuarto Centenario do Descubrimento de América.

1892. Murguía recupera o seu posto no Arquivo, destinado primeiro na Universidade de Compostela e logo na Delegación de Facenda da Coruña, cidade onde residirá dende 1894 ata a súa morte. Será partícipe das iniciativas da xente que constitúe a Cova Céltica e o movemento rexionalista que xira ao redor da *Revista Gallega* (1895-1907). Apoiará a fundación da Academia Galega impulsada por Curros Enríquez e Fontenla Leal dende Cuba.

1893. A comezos de novembro foi castigado con suspensión do soldo. O 18 dese mesmo mes foi trasladado á Biblioteca provincial de Girona, pero dous días despois, trala intercesión de J. R. Carracido en Madrid, a Dirección Xeral de Instrucción Pública levántalle a suspensión de emprego e soldo que lle fora imposta. O 9 de decembro outorgóuselle unha concesión dun mes para tomar posesión da nova praza.

1894. A comezos de xaneiro concédeselle unha ampliación do prazo ata o 25 de febreiro para tomar posesión da praza. Pero o 20 de xaneiro consegue o

traslado ao Arquivo Provincial da Facenda da Coruña, tomando posesión do cargo o 5 de marzo.

1895. Aparece o volume *En prosa*, editado pola Impr. e Lib. Carré da Coruña, que inclúe a novela curta *El puñalito*. No libro o autor reúne unha escolma de textos en prosa poética que el mesmo fora escribindo ao longo da súa vida e neles recolle os seus máis íntimos sentimentos. Nas súas liñas reflíctese o influxo de Rosalía, Pondal, Curros ou mesmo de Bécquer, o seu amigo dos tempos mozos de estadía en Madrid.

Forma parte do Tribunal do Certame Literario de Mondoñedo e renova o seu pensamento rexionalista vinculándoo aos principios da democracia liberal, como o poñen de manifesto os seus escritos divulgados por *El Eco de Galicia* en Bos Aires ou por *La Voz de Galicia* e *Revista Gallega* en Galicia.

1896. O 18 de febreiro é invitado ao Ateneo de Madrid por Joaquín Costa para dar unha conferencia sobre Xelmírez.

Aparece en *La Voz de Galicia* unha serie de artigos seus contra dona Emilia Pardo Bazán baixo o título "Cuentas ajustadas, cuentas saldadas", editados entre o 20 de outubro e o 27 de decembro.

1897. Participa na fundación, en 1897, dunha nova formación política de ideoloxía galeguista, a Liga Gallega, da que sería presidente de honra.

1898. Publica *Don Diego Gelmírez* na Impr. y Lib. de Carré da Coruña. Neste profundo traballo histórico relata as conquistas realizadas na primeira metade do século XII por esta importante figura do episcopado que aúna na súa persoa o feito de ser un home de igrexa e unha relevante figura de estado.

Aparece no folletín de *El Eco de Galicia* de Lugo a súa obra *Lugo, su antigüedad y sus monumentos*, Tip. de A. Villamarín.

1900. Morte do seu fillo Ovidio.

Pasamento do seu amigo Alfredo Brañas, do que Murguía fora compañeiro na xeira rexionalista.

1901. Ve a luz a segunda edición do volume I da *Historia de Galicia*, impreso pola Librería de Eugenio Carré da Coruña.

1904. É invitado especial no acto de inauguración do Monumento aos Mártires de Carral, que terá lugar o 26 de maio na Coruña por iniciativa da Liga Gallega e custeado por subscripción popular.
1905. Cumpridos setenta e dous anos, no mes de maio foi xubilado sen soldo do seu posto de arquivista da Delegación de Facenda da Coruña, daí que a Deputación coruñesa o contrate como arquivista e diversas institucións teñan que remediar a súa penuria económica. Nese mesmo ano consegue publicar, mediante o subsidio dos amigos, as súas “Breves consideraciones acerca de los Cancioneros galaico-portugueses de la Vaticana y Colocci-Brancutti, y trovadores gallegos que en ellos figuran”.

Neste ano callará con forza a idea de crear unha Academia Galega da Lingua. Este proxecto era impulsado dende a Habana por Manuel Curros Enríquez e Fontenla Leal, pero tamén cobraba consistencia en Galicia, como se pon de manifesto nos faladoiros da Biblioteca Carré de Santiago e tamén nos da Cova Céltica celebrados na rúa Riego de Agua da Coruña, onde se reunían Murguía, Pondal, Lugrís Freire, Francisco Tettamancy e Marcial de la Iglesia. Todos eles escribiron artigos na prensa da época manifestando a necesidade da devandita institución. Atrás quedaba aquel intento levado a cabo no ano 1883 para cambiarlle o nome á sociedade organizada por Emilia Pardo Bazán, coñecida como Folclore Gallego, á que se lle quixo chamar Academia Gallega. A tentativa non tivo éxito, como tampouco unha nova proposta de creación da Academia formulada no ano 1895.

Tras a creación o 1 de xullo da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega na Habana, o seu presidente, Manuel Curros Enríquez, maniféstalle ao seu amigo Murguía a vontade de creación da Academia da Lingua para elaborar un dicionario, (tantas veces reivindicado por Murguía), e unha gramática na nosa lingua. Na Casa do Consulado da Coruña celébrase unha xuntanza, o 4 de setembro de 1905, na que se nomea a dirección da nova Academia Galega da que será presidente Manuel Murguía, secretario Xosé Pérez Ballesteros e bibliotecario Galo Salinas.

1906. Constituída a nova institución, terá a súa sede no nº 38 da rúa Riego de Agua da Coruña, aínda que non terá definitivamente aprobado o seu regulamento ata o Real Decreto do 25 de agosto de 1906. O día 30 de setembro dese mesmo ano, na sesión inaugural, o seu presidente -Murguía- expresa no seu discurso o agradecemento polo impulso recibido dos emigrantes de Cuba e manifesta as actividades que estaba previsto desenvolver, entre as que salienta a promoción do noso patrimonio e moi especialmente a defensa da nosa lingua. Tamén en 1906 a institución pon en marcha o *Boletín*, no

que Murguía, o seu primeiro director, publicará moitos dos seus últimos artigos, dos que tamén dará testemuño o Boletín do Balneario de Mondariz, *La Temporada*, onde aparecen algúns dos seus traballos.

Publicase na Lib. de Eugenio Carré da Coruña a segunda edición do tomo II da súa *Historia de Galicia*.

1909. É nomeado oficial interino encargado do Arquivo e Biblioteca da Deputación, cunha asignación salarial de dúas mil pesetas anuais.

1910. A madrileña Librería de Sucesores de Hernando publica a súa obra *Desde el cielo*.

1913. Con ocasión do seu oitenta aniversario Murguía foi homenaxeado o 17 de maio na Coruña. O acto foi organizado pola Reunión de Artesanos, presidida por Manuel Casás Fernández, e a el sumáronse os persoeiros máis relevantes do noso país; en total, asisten duascenas persoas. Ademais dos discursos, tamén foi agasallado cun soneto de Cabanillas composto para a ocasión, unha carta do historiador portugués Teófilo Braga, outra do Centro Galego de Bos Aires, etc.

Publicase o tomo V da *Historia de Galicia* na Imp. y Fotograbado de Ferrer da Coruña.

Edita os seus *Apuntes históricos de la provincia de Pontevedra*, na Imp. del Establecimiento de Mondariz.

A Academia pon en marcha a edición do *Diccionario gallego-castellano*, publicado en cadernos de 16 páxinas custeadas pola Sociedade Protectora da Academia da Habana.

1916. Cando Murguía contaba oitenta e tres anos, o 18 de maio, fúndase no local da Real Academia Galega a primeira Irmandade da Fala, (con Antón Vilar Ponte á cabeza) constituída por Carré Aldao, Lugrís Freire e Francisco Tettamancy entre outros rexionalistas.

O 30 de agosto celebrouse na Coruña a Festa da Poesía Galega en homenaxe a Rosalía. O alcalde, D. Manuel Casás, solíciatulle a Murguía unhas liñas para o acto.

1917. Aparecen uns artigos de Jaime Solá na revista *Vida Gallega* baseados en testemuños de xente de Lestrove e Padrón que non agradan a Murguía,

quen, nunha entrevista feita por Tomás Mirambell e aparecida nesta mesma publicación, fai algunhas puntualizacións.

1919. Publica en *El Noroeste* un texto escrito en galego titulado “A Curros” e posteriormente escribe “Eduardo Pondal e a súa obra”, discurso en loanza do seu amigo bergantiñán que nunca puido ser lido, pero que sería editado postumamente no *Boletín* da Real Academia no 1933.
1922. Morre a súa filla Amara.

Magoado por unha dislocación de cadeira que non lle permite traballar todo o día como adoitaba ou acudir con regularidade ao seu despacho da Academia, aínda colabora cos seus amigos do Instituto Histórico do Minho, publica algúns artigos no periódico *Aurora de Lima* de Viana do Castelo e mesmo traballaba nun texto sobre o mosteiro dos Franciscanos de Herbón cando xa contaba case noventa anos. O profesor Carballo Calero dá noticia duns poemas inacabados compostos en galego por Murguía e conservados no arquivo da Real Academia que nunca chegaron a ser publicados.

1923. O 1 de febreiro finou Manuel Murguía na súa casa da rúa de San Agustín na Coruña. A súa morte causou unha fonda dor dentro e fóra de Galicia, como se recolle nos múltiples artigos publicados nos xornais tanto galegos como da emigración. Os seus restos repousan no cemiterio coruñés de San Amaro, como era o seu desexo, fronte ao mar.







**Ámbito de
Estudios en
Historia
Contemporánea**
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Esta edición do libro
Manuel Murguía. Homenaxe,
acabouse de imprimir en decembro de 2023,
centenario do seu pasamento.

